


Sobre o porvir da lingua galega

Xesús Portas Ferro

Foi en 1973, cantos anos van alá! Xesús Alonso Montero publicaba o seu *Informe -dramático- sobre la lengua gallega*. Este libro deu moito que falar daquela. Mesmo entre os galeguistas, moita xente non quixo aceptar as previsións nada optimistas que facía sobre o porvir da lingua galega. Tal como Alonso vía a situación da nosa lingua naquela altura, quedaríalle pouco tempo de supervivencia, quizais entre cen e douscentos anos. Ao longo deles, seguiría perdendo falantes como viña sucedendo progresivamente desde había uns trinta ou corenta anos. Isto por unha banda. De por parte, no uso dos falantes residuais podíase temer que a nosa lingua fose perdendo tamén a súa identidade para se asemellar cada vez máis ao castelán. Quere iso dicir que, ao cabo dun prazo máis ben curto, morrería o pequeno resto dos derradeiros falantes dunha lingua galega que para entón pouco se diferenciaría xa do castelá.



O prognóstico de Alonso Montero era cousa seria, non puro e ruín agoiro como coidaron algúns por aquelas datas. Baseouno nun estudo bastante rigoroso da realidade sociolingüística, é dicir, do que acontecera co uso da lingua e coa súa estima na sociedade galega durante as décadas anteriores e do que estaba a acontecer entón. Resumidamente, achaba unha situación de conflito lingüístico entre o galego e o castelán, no que o castelán levaba as de gañar e o galego tiña todas as trazas de que ía saír perdendo. Por unha banda, como se dixo, o castelán gañaba falantes á conta do galego, aínda que moitos dos novos castelanfalantes non abandonaban totalmente o galego, senón que se facían bilingües. Por outra banda, na conciencia da maioría dos galegos -mesmo na dos que seguían sendo monolingües habituais en galego- fomentárase a idea dunha enorme inferioridade da lingua galega fronte á lingua castelá. Esta estaba moi prestixiada por canto se relacionaba co poder, a riqueza, a escolarización e o nivel de estudos, os medios de comunicación, as profesións liberais e medias, a estimación social e a cultura urbana. Pola contra, a lingua galega estaba moi desprestixiada na conciencia da maioría dos galegos porque se relacionaba coa falta


de poder, a pobreza, a escasa escolarización e baixo nivel de estudos, a carencia de medios de comunicación, os oficios manuais, a pouca estimación social e a cultura rural. Perda de falantes e de prestixio que non permitían unha predicción mellor, sobre todo porque se estaba estendendo cada vez máis o fenómeno de ensinarlles aos rapaces novos a falar en castelán, fuxindo do galego, mesmo nas familias obreiras, mariñeiras e labregas.

Paga a pena preguntarnos, trinta anos despois, se a situación mudou e se é posíbel facer un prognóstico máis optimista. O espazo deste artigo é necesariamente limitado e temos que responder moi brevemente. En primeiro lugar, o lector debe saber que despois do libro de Alonso Montero se fixeron moitas e moi importantes pescudas sobre a situación sociolingüística en Galiza. Nun artigo coma este non podemos pasar revista ás contribucións, nin tan sequera resumidamente, de autores coma Francisco Rodríguez, Guillermo Rojo, Mauro Fernández e outros. Un pouco máis podemos deternos nos cambios que, uns a mellor e outros a peor, se produciron desde entón.


A situación mellorou en moitos aspectos, aínda que tímida e insuficientemente. Vexamos algúns. Introduciuse o uso normal da lingua galega, sobre todo por escrito, nalgúns ámbitos onde en 1973 e antes estaba proscriba: na administración, por exemplo. Pola contra, apenas foi recibida no mundo da industria e do comercio, nos medios de comunicación, nas igrexas e en moitos outros lugares onde se desenvolve a vida cotiá. Desde mediados dos anos oitenta, a lingua galega ensínase en igualdade teórica coa castelán nos centros de ensino non universitario. Mais o certo é que profesores e alumnos usan máis o castelán ca o galego nas escolas e institutos e rematan os referidos estudos cun dominio moito maior do castelán ca do galego. Entre a poboación galega diminuíron os preconceptos e actitudes negativas ante a nosa lingua; xa non está tan mal visto o seu uso nin soa mal ouvila; mesmo algúns que non a usan, a reciben con gusto. Pero as novas actitudes non se traducen nun aumento do uso da lingua nin no coidado de con-

servala ben, sen se contaminar tanto co castelán. Fíxose hai uns dez anos un estudo sobre a preferéncia dos galegos no tocante á lingua da publicidade. Resultado: a maioría preferiría a publicidade en galego. Sería, pois, de supoñer que a empresa cambiaría de lingua publicitaria. Non sucedeu así, ou só minoritariamente. Por que? Por varias razóns, entre elas a influencia da ideoloxía. Na clase social á que pertence a maioría dos empresarios, hai unha interiorización profunda da ideoloxía dominante, conservadora e española entre outras características, que neles pode máis, por falta de intelixente sentido crítico, ca os seus propios intereses económicos. En resumo, houbo cambios a mellor importantes, mais de ningún xeito definitivos para lle dar a volta do revés ao prognóstico pesimista do que partimos. Secomasí, supoñen unha razón para a esperanza. Se ata aquí se puido chegar, posíbel será dar uns pasos máis adiante.

Pero a perspectiva é moi distinta se atendemos a aqueles aspectos nos que se empeorou. Desde 1973 e mesmo desde a promulgación da Lei de Normalización Lingüística (1983), aumentou porcentualmente o número de persoas que se expresan só ou sobre todo en castelán e vén diminuíndo do número das que o fan en galego. Desde entón aumentou tamén a porcentaxe de persoas que teñen como lingua inicial o castelán, é dicir, que aprenderon a falar en castelán e non en galego. Segundo a enquisa feita en 1992 para o Atlas Sociolingüístico, esta é a distribución da lingua inicial na poboación total galega maior de 16 anos:



En cambio, a distribución da lingua inicial para a poboación galega comprendida entre os 5 e os 29 anos no ano 2003 é, segundo o Instituto Galego de Estatística, galego: 34,05 %, castelán: 42,60 %, e ambas: 23,35 %.



Galego
 Castelán
 Ambas

Pódese prever que, dentro duns vintecinco anos, esta será a figura da distribución da lingua inicial para o total da poboación galega de entón. E, tendo en conta que se producen relativamente poucos cambios de lingua, a maioría dos habitantes de Galiza do ano 2030 expresaranse habitualmente en castelán ou máis en castelán ca en galego, se a tendencia non se inverte deica alá. De por parte, o predominio de uso do castelán polos habitantes da Galiza influirá na calidade do galego no sentido enriba dito de irse asemellando máis cada vez ao castelán. Afondárase o que xa está sucedendo mesmo na fala e

na escrita dos que deberían saber empregar a lingua galega con propiedade. É dicir, xeneralizaranse unha chea de interferencias lingüísticas do castelán sobre o galego que veñen xa imponéndose actualmente. Porei exemplos, usarase:

<i>nalgún sitio e en ningún sitio</i>	e nunca	<i>en algures e en ningures</i>
<i>está na casa ou vai á casa</i>	e nunca	<i>vai na casa</i>
<i>corrimos moito aier</i>	en vez de	<i>corremos moito onte</i>
<i>pono hacia alí</i>	en vez de	<i>pono contra ou para alí</i>
<i>non se vía un alma</i>	en vez de	<i>non se vía unha alma</i>
<i>xa o había visto</i>	en vez de	<i>xa o vira</i>

e, coma estas interferencias e moitas outras semellantes, unha chea de castelanismos correntes hoxe en día, algúns dos cales, sobre todo os léxicos - coma lunes, tixeira, cuchilo, Dios, etc. -, estase tratando de os corrixir con non moita fortuna actualmente.

A conclusión, pois logo, desta breve reconsideración da situación da lingua galega cunha ollada ao seu porvir é que este non se presenta nada asegurado. Hai, por unha banda, pequenas razóns para a esperanza e, ao seu carón e sobre elas, outras que case nos levan ao desespero. Aínda así, todo ten aínda remedio. Somos nós, a nosa xente, a quen cómpre reaxir para que todo mude a mellor.

